



CONVOCATORIA DE BOLSAS DE FORMACIÓN NOS LECTORADOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS (PROCEDEMENTO PL500E)

A Secretaría Xeral da Lingua, o día 7 de xullo de 2026, fixo públicas, a través da súa páxina web e do seu taboleiro de anuncios, as listaxes provisionais de persoas admitidas, excluídas e desistidas respecto das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 15 de maio de 2026 (DOG Núm. 99, do 29 de maio), da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2026 (código de procedemento PL500E).

Logo de rematar o prazo de presentación de reclamacións contra as ditas listaxes, establecido no artigo 10.2 da antedita orde, publícanse as listaxes definitivas de persoas admitidas (anexo I), excluídas (anexo II) e desistidas (anexo III).

Contra este acto, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o mesmo órgano que o ditou ou ante a persoa titular da Secretaría Xeral da Lingua, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Secretaría Xeral da Lingua, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

A subdirectora xeral de Política Lingüística

Oliva Amorín López



ANEXO I

ORDE do 15 de maio de 2026 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2026 (Código de procedemento PL500E)

Relación de admitidos

Nº	Apelidos e nome	Universidade/s solicitada/s (orde de preferencia)		
		1º	2º	3º
1	Coego Muñoz, Sara	Universitat de Barcelona	Universitat Autònoma de Barcelona	
2	Framil de Amorín, Isaura	Universidade Nova de Lisboa		
3	Gamallo Valladares, Andrea	Universidade do Estado do Río de Janeiro		
4	Martínez Sotuela, Christian	Universidad de Extremadura	Sveučilište u Zadru	
5	Pena Franco, Inés	Universidade do Algarve	Universidade Nova de Lisboa	
6	Regueiro Barreiro, Iván	Universitat de Barcelona	Universitat Autònoma de Barcelona	
7	Rodríguez Campo, Joel	Università degli Studi di Padova	Sveučilište u Zadru	Universitat de Barcelona
8	Rodríguez Rial, Inés	Università degli Studi di Padova		



ANEXO II

ORDE do 15 de maio de 2026 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2026 (Código de procedemento PL500E)

Relación de excluídos

Nº	Apelidos e nome	Motivo
1	García Couso, Diego	Excluído por non ter 21 créditos en materias da lingua oficial do país no que se localiza o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés, segundo o establecido no apartado 1, letra b do artigo 7.



ANEXO III

ORDE do 15 de maio de 2026 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2026 (Código de procedemento PL500E)

Relación de desistencias

Nº	Apelidos e nome	Motivo

